

PLASTICUS MARITIMUS

Texto de ANA PÊGO e ISABEL MINHÓS MARTINS

Ilustracións de BERNARDO CARVALHO

Tradución de CELIA RECAREY

Encadernación rústica. 15 x 21 cm. 176 páx. 18 €
MENCIÓN DE HONRA NA FEIRA DO LIBRO DE BOLOÑA 2020
PREMIO BD AMADORA (PORTUGAL) AO MELLOR DESEÑO 2019

Plasticus maritimus. Unha especie invasora (galego)

ISBN 978-84-1343-016-4. Ciencia.

Plasticus maritimus. Una especie invasora (castelán)

ISBN 978-84-1343-016-4. Ciencia.

Plasticus maritimus. Una espècie invasora (catalán)

ISBN 978-84-16804-92-4. Ciència.

Os plásticos foron a miña escolla porque representan o 80% do lixo que hai nos océanos. Alén diso, todas as evidencias parecen indicar que existe unha relación entre a presenza de microplásticos nos océanos e moitos problemas de saúde. As algas, os peixes e moitas especies xa se están a ver afectadas. E o máis probable é que nós, os humanos, xa esteamos tamén a sufrir as consecuencias desta contaminación...

Se os peores prognósticos se cumprisen, en 2050 o peso do plástico nos océanos superaría o dos propios peixes; non en van, calcúlase que uns 8 millóns de toneladas dese material -do cal a metade é dun só uso- acaban cada ano no ecosistema mariño. Este libro é unha guía que presenta a ficha científica desa “especie invasora” que urxe erradicar.


A autora e promotora do proxecto «Plasticus maritimus», Ana Pêgo, medrou á beira dunha praia, observando, aprendendo e apreciando a súa biodiversidade, forxando a activista na que se converteu como *beachcomber* nunha rede internacional de expertos que axudan a identificar os plásticos recollidos. Dende os obxectos nos que queda atrapada a fauna mariña ou intoxicada pola súa inxesta ata os microplásticos de menos de 5 mm. que se introducen na cadea trófica, esta obra alerta sobre un tipo de contaminación que xa formou a súa propia illa no Pacífico.

Ademais de cuestionar certas ideas sobre a reciclaxe, ofrecer consellos para facer unha saída á praia, sinalar os elementos máis comúns e os máis perigosos de cantos abundan ou destacar exemplos de boas prácticas no mundo na loita contra o plástico, este libro resume en 7R's as medidas necesarias para xerar conciencia social e actuar.

Co apoio de Isabel Minhós nos textos, a obra complétase coas ilustracións de Bernardo Carvalho, que sorprenden pola súa sinxeleza e efectismo: debuxos con lapis de cores, de chamativo cromatismo e feitura esquemática.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** guía de campo para concienciar sobre a contaminación por plástico e sensibilizar para un uso racional do mesmo.
- **Idade recomendada:** a partir de 10 anos.
- **Aspectos destacables:** fauna e flora do medio mariño, ecoloxía; 8 de xuño, Día Mundial dos Océanos; con apoio de fotografías.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/plasticus-maritimus-g>

Ana Pêgo

Estudou Bioloxía Mariña e Pesca na Universidade do Algarve. Traballou como investigadora e técnica de laboratorio. Dedicase á educación ambiental, combinando ciencia e arte. Dende 2012 impulsa o proxecto *Plasticus Maritimus*.

<http://www.facebook.com/plasticusmaritimus>

<http://www.instagram.com/plasticusmaritimus>

Isabel Minhós Martins

Estudou Deseño de Comunicación na Facultade de Belas Artes de Lisboa. É co-fundadora de Planeta Tangerina, con varios libros como autora. Ademais dunha mención no I Premio Compostela, tamén foi distinguida cos premios Andersen, Deutscher Jugendliteraturpreis, Sociedade Portuguesa de Autores e seleccionada en The White Ravens.

<http://www.planetatangerina.com>

Bernardo Carvalho

Estudou Deseño de Comunicación na Facultade de Belas Artes de Lisboa. Co-fundador de Planeta Tangerina, foi galardoado co Premio Nacional de Ilustración en Portugal, co Premio da Feira de Boloña, da Fundación Leipzig, do Festival CJ de Corea e seleccionado polo Banco do Libro de Venezuela. As súas obras publicáronse en 25 países.

<http://www.planetatangerina.com>

